

OS NOSOS HERPETOS

1 URODELOS

Os urodelos son anfibios con cola que teñen as catro patas de tamaño moi similar. Durante a metamorfose, ás larvas sáenlle primeiro as patas dianteiras e logo as traseiras. As píntegas son de hábitos terrestres, aínda que prefiren zonas húmidas, e os limpafontes son de hábitos acuáticos, salvo no inverno que teñen unha fase terrestre. A sección transversal da cola das píntegas é arredondada; pola contra, no caso dos limpafontes, ésta é comprimida lateralmente.

Píntegas

Píntega rabilonga (Chioglossa lusitanica)



Píntega de tamaño medio, raramente supera os 16 cm., dos que máis da metade pertencen á cola. **Cor dorsal parda escura ou negra con dúas bandas douradas** que se xuntan nunha soa ao principio da cola. Ventralmente son moi escuras, casi negras.

Píntega común (Salamandra salamandra)




Píntega máis grande e corpulenta que a rabilonga, podendo superar con creces os 20 cm. **Cor dorsal negra con manchas irregulares ou bandas lonxitudinais amarelas.** Ventralmente de tons escuros, aínda que non negros.

Limpafontes

Limpafontes común (Lissotriton boscai)



Non sobrepasa os 10 cm. **Cor dorsal parda con manchas redondas negras. Ventre de cor vermello ou laranxa moi vivo, normalmente con manchas circulares negras.** Sen máscara facial escura e sen dedos palmeados nas patas traseiras.



Limpafontes palmado (Lissotriton helveticus)



Raramente sobrepasa os 8 cm. **Cor dorsal parda con manchas redondas negras. Ventre de cor amarelo ou laranxa claro, sen manchas circulares negras.** Máscara facial escura. Dedos palmeados nas patas traseiras nos machos en celo.



Limpafontes verde (Triturus marmoratus)



É o limpafontes máis grande, podendo chegar ata os 16 cm. **Cor dorsal verde característica con manchas escuras, case negras.** As femias e os xuvenís cunha liña vertebral de cor laranxa. Ventre de cor gris moi escura. Os machos en celo amosan unhas grandes membranas dorsais acebradas.

